
DITAME SOBRE O PROXECTO DE ORDE POLA QUE SE ESTABECE O PLAN DE ESTUDOS DAS ENSEINANZAS ARTÍSTICAS SUPERIORES DE GRAO EN MÚSICA NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA E SE REGULA O ACCESO AO DITO GRAO.

O Pleno do Consello Escolar de Galicia, na súa sesión do día 9 de setembro de 2010, emite o seguinte ditame en relación coa orde pola que se establece o plan de estudos das ensinanzas artísticas superiores de grao en música na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula o acceso ao dito grao.

1.- O Consello Escolar de Galicia propón a inclusión dun novo apartado no artigo 7º co seguinte texto: “f) **As e os estudantes poderán obter o recoñecemento de ata un máximo de 6 créditos pola participación en actividades culturais, artísticas e de representación estudantil**”. *Páxina 3, liña 45.*

2.- No cadro do Anexo I que se refire á especialidade: interpretación, itinerario: guitarra, propónse a supresión da materia obrigatoria común: piano aplicado para instrumentista. *Páxina 17.*

3.- No Anexo I, propónse a substituír tamén a puntuación en todas as especialidades, agás jazz e composición, das materias de *Análise* e de *Harmonía/Contrapunto*. A puntuación resultante será:

- *Análise*: 2 créditos por cuadrimestre en 1º e 2º curso, cun total de 8 créditos e un total de 1,5 horas semanais.
- *Harmonía/Contrapunto*: 2 créditos por cuadrimestre en 1º e 2º curso, cun total de 8 créditos e total de 1,5 horas semanais.

O Secretario,

José Alejo Losada Aldrey

V. e pr
O Vicepresidente,

Fernando del Pozo Andrés

